

CCR/Ra/Ms



Data Rexistro: 07/03/2022 12:14:12
Nº Rexistro: 2022000210

SAÍDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 25 de febreiro de 2022, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso:

22.7765.- ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Presidenta.- Ben, rogos e preguntas.

...

Sra. Presidenta.- ... ¿Algún rogo ou pregunta máis?

Sr. Domínguez Alfonso.- Si, bos días Presidenta. Isto é para Gregorio Agís. Bueno, en primeiro lugar, agradecer un pouco a celeridade na miña proposta, na miña petición que fixen o 31 de xaneiro, que pedín que se arreglase unha fochanca na intersección da EP-5005 coa 5006, na altura do Vieiro, e foi arranxada, aínda non foi reparado o firme pero si que a fochanca foi arranxada. Entón a pregunta era a seguinte, ¿quería saber se xa ten vostede preparado o proxecto para a recuperación e mellora da estrada provincial EP-5206 de acceso a Luneda ou vai a esperar a que eu veña aquí cunha moción para dicir que xa o ten preparado?.

Sra. Presidenta.- Lle contestaremos por escrito.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso.- Presidencia.- Vicepresidencia.- Paula Fernández Pena (Presidencia).- Don Gregorio Luis Agís Gómez.- Infraestruturas.- Central.-





Data Rexistro: 25/03/2022 10:07:37
Nº Rexistro: 2022000273

SAÍDA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



AXENDA
2030

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

JLMR/Sof.

De orde da Presidencia e en relación coa súa pregunta formulada na sesión plenaria de 25 de febreiro de 2022, xúntase informe do deputado delegado de Infraestruturas e Vías provinciais.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Firmado por: JOSÉ LUIS MATO RODRÍGUEZ - ***6532**
Cargo: Vicesecretario
Data: 25/03/2022 09:58

D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso.-
Grupo Partido Popular
PAZO PROVINCIAL



**ASUNTO: PREGUNTA PLENO RELATIVA Á RECUPERACIÓN E MELLORA DA
EP5206 DE ACCESO A LUNEDA**

En relación á pregunta realizada polo **Deputado Provincial, Miguel Adolfo Domínguez Alfonso**, na sesión plenaria do día 25 de febreiro de 2022, indicarlle que, como na motivación da súa pregunta, argumenta vostede que o goberno actúa en resposta das súas demanda, temos que recordarlle que nesta administración nunca se ten actuado con tanta dilixencia e con proxectos tan potentes como transformadores como nos últimos anos, todo elo a pesar da herencia deplorable que o PP deixou en materia de infraestruturas e Mobilidade.

Exemplo de este cambio na xestión é tamén a estrada provincial EP5206 a que vostede fixo referencia, xa que na mesma, non só temos xa redactado o proxecto para a súa mellora dende decembro do ano pasado, se non que iniciouse xa o pasado 24 de febreiro o expediente necesario para a súa contratación.

Pontevedra, 25 de marzo de 2022



Gregorio Agís Gómez
Deputado de Infraestruturas e Vías Provinciais